

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
  - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
  - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
  - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
  - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
  - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
  - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo o disposto no artigo 9 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a vixilancia do cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais, así como das normas xurídico-técnicas que incidan nas condicións de traballo en materia de prevención, corresponde a:**

- A) A Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.
- B) O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- C) A Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.

**2. O artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, dispón que son principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia:**

- A) A información sobre as formas de vida saudables, os recursos e os servizos existentes.
- B) A universalidade do dereito aos servizos e ás prestacións de cobertura pública ou privada.
- C) A adecuación das prestacións sanitarias ás solicitudes da poboación.
- D) Todas son correctas.

**3. De conformidade co disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, consideraranse como "danos derivados do traballo":**

- A) As lesións ou enfermidades sufridas exclusivamente a consecuencia dun accidente de traballo.
- B) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- C) Só as enfermidades profesionais.
- D) Só as lesións físicas producidas no lugar de traballo ou durante o desprazamento na entrada e saída do mesmo.

**4. De acordo co disposto no Estatuto de Autonomía de Galicia, unha das funcións do Parlamento de Galicia é:**

- A) Elixir, de entre os seus membros, aos Conselleiros da Xunta de Galicia.
- B) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- C) Esixir responsabilidade política e económica ao Senado.
- D) Exercer a potestade executiva da Comunidade Autónoma.

**5. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:**

- A) É propiedade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario.
- B) É única por paciente en todo o Sistema Nacional de Saúde.
- C) O/A paciente ten dereito de acceso á documentación da historia clínica, se así o autoriza o/a seu/súa médico/a.
- D) Debe conservarse, como mínimo, ata que trancorran dez anos desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento.

6. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, regula a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. Segundo o disposto no artigo 28, para o persoal en activo ou con reserva de praza será requisito, para ser admitido no concurso de traslados, ter tomado posesión na praza desempeñada cunha antelación de:

- A) Un ano, como mínimo, á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- B) Un ano, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.
- C) Dous anos, como mínimo, á data de publicación da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.
- D) Dous anos, como mínimo, á finalización do prazo de presentación de instancias.

7. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, con carácter xeral, o tempo de traballo correspondente á xornada ordinaria:

- A) Non excederá de 7 horas ininterrompidas.
- B) Non excederá de 10 horas ininterrompidas.
- C) Non excederá de 12 horas ininterrompidas.
- D) Non excederá de 24 horas ininterrompidas.

8. De conformidade co artigo 30 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Sistema Público de Saúde de Galicia é:

- A) Parte integrante do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Un sistema independente que debe coordinarse co Sistema Nacional de Saúde en materia de sanidade exterior.
- C) Un sistema independente que debe coordinarse co Sistema Nacional de Saúde en materia de saúde pública.
- D) Un sistema totalmente independente do Sistema Nacional de Saúde.

9. Respecto da Lei Xeral de Sanidade, sinala a opción INCORRECTA:

- A) As Comunidades Autónomas non poderán ditar normas de desenvolvemento e complementarias desta Lei, xa que é competencia exclusiva do Estado.
- B) Os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- C) Esta Lei ten por obxecto a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde recoñecido no artigo 43 e concordantes da Constitución Española.
- D) Son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.

10. En relación co persoal estatutario regulado no Estatuto Marco, indique cal das seguintes afirmacións é correcta:

- A) Poderá concederse a excedencia voluntaria por interese particular a quen estea sometido a un expediente disciplinario.
- B) O persoal facultativo especialista de área clasifícase dentro do persoal sanitario con formación universitaria e título de especialista en ciencias da saúde.
- C) As faltas moi graves prescribirán aos cinco anos, as graves aos tres anos e as leves aos seis meses.
- D) O seu sistema retributivo estrutúrase en retribucións básicas e complementarias. Ademais, percibirá participación nos ingresos normativamente atribuídos aos servizos de saúde como contraprestación de calquera servizo.

**1. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, regula a provisión de postos de xefatura e coordinación. Sinale a opción correcta:**

- A) Excepto nos supostos de provisión por libre designación, a idoneidade dos aspirantes será valorada por unha comisión técnica especializada.
- B) Todos os procesos de selección basearanse na avaliación do currículo profesional e un proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade.
- C) O proceso de selección basearase exclusivamente na avaliación do currículo profesional.
- D) O proceso de selección basearase exclusivamente na avaliación dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade.

**2. Indique cal das seguintes opcións é correcta. Segundo o disposto na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, as unidades básicas de prestación de servizos sanitarios son:**

- A) As xerencias de xestión integrada.
- B) Os distritos sanitarios.
- C) As áreas sanitarias.
- D) As zonas sanitarias.